



Bases ALTIA Premia TFG GrEI ETSE

Convocatoria VII Edición: curso 2025/2026



ALTIA



ÍNDICE

1	Obxectivo e ámbito da convocatoria.....	2
2	Presentación de solicitudes e documentación.....	2
3	Fases do proceso	3
4	Presentación do Traballo Fin de Grao	3
5	Datas importantes.....	3
6	Xurado	4
7	Dotación do premio	4
8	Aceptación das bases e RGPD 25/05/2018	5
8.1	Anexo RGPD.....	5

1 Obxectivo e ámbito da convocatoria

Co fin de estimular a formación do alumnado titulado no Grao en Enxeñaría Informática, ALTIA convoca o Premio "**ALTIA Premia TFG GrEI ETSE**".

Poderá optar ao premio o alumnado de Grao en Enxeñaría Informática da Escola Técnica Superior de Enxeñaría da Universidade de Santiago de Compostela **que presente e defenda con éxito o seu TFG dentro do ano natural 2026, defensas que corresponden ao curso académico 2025/2026.**

2 Presentación de solicitudes e documentación

Os/as alumnos/as interesados/as en optar ao premio deberán rexistrarse na web **<https://www.altiacompany.com/es/altia-premia>** aportando os seguintes datos e documentación:

- **Datos persoais do/a candidato/a:** nome e apelidos, DNI, correo electrónico, número de teléfono e enderezo postal.
- **Datos do TFG:** Título, temática e resumo do traballo e data de defensa.
- **Resumo do TFG,** indicando a súa motivación persoal e profesional para acadar o premio (extensión máxima dous folios).
- **Memoria completa do TFG.**

O/a alumno/a acepta que os datos de carácter persoal facilitados a ALTIA poden ser empregados con posterioridade aínda non sendo premiado nesta edición.

3 Fases do proceso

- **Presentación de solicitudes** para optar ao premio da VII edición de "ALTIA Premia TFG GrEI ETSE".
- **Elección e publicación de finalistas:** serán seleccionados como máximo 5 candidatos/as.
- **Os/as finalistas presentarán o traballo** ante o xurado do "ALTIA Premia TFG GrEI ETSE".
- **Fallo do xurado** do "ALTIA Premia TFG GrEI ETSE" e publicación do título e autor/a do Traballo Fin de Grao premiado.
- **Entrega do premio** "ALTIA Premia TFG GrEI ETSE" no evento institucional do *Día da ETSE*.

4 Presentación do Traballo Fin de Grao

Os/as finalistas presentarán o traballo ante o Xurado de "ALTIA Premia TFG GrEI ETSE".

5 Datas importantes

- Data límite de presentación de solicitudes: **31 de outubro de 2026.**
- Publicación do listado de finalistas: **do 14 ao 18 de decembro de 2026.**
- Presentación dos traballos dos/as finalistas ante o xurado: **do 15 ao 19 de febreiro de 2027.**
- Publicación da resolución do fallo do xurado: **do 1 ao 5 de marzo de 2027.**

A **entrega do premio** terá lugar durante os actos de celebración do *Día da ETSE*.

6 Xurado

O xurado do "ALTIA Premia TFG GrEI ETSE" estará formado polos seguintes membros:

Por parte da ETSE:

- Director/a da ETSE ou persoa na que delegue
- Coordinador/a do título ou persoa na que delegue

Por parte de ALTIA:

- Directora de Sostenibilidade & ESG ou persoa na que delegue
- Panel de expertos: Xerentes de Proxecto de distintas áreas.

A decisión do xurado non poderá ser recorrida.

7 Dotación do premio

O premio está dotado con **1.500 €** para o/a autor/a do Traballo Fin de Grao premiado.

8 Aceptación das bases e RGPD 25/05/2018

A participación nesta convocatoria supón a aceptación expresa por parte do/a candidato/a destas bases na súa integridade, así como a asunción completa de responsabilidade respecto a que os TFG, son orixinais e non infrinxen dereitos de terceiros.

Así mesmo, a participación nesta convocatoria implica a autorización aos/ás organizadores/as para dar publicidade dos nomes dos/as estudantes finalistas e premiados/as, así como o título e resumo dos proxectos.

8.1 Anexo RGPD

A finalidade é xestionar os datos das persoas participantes no Premio do Traballo de Fin de Grao organizado por ALTIA en colaboración coa Escola Técnica Superior de Enxeñaría da Universidade de Santiago de Compostela, tanto para a valoración das propostas do Premio como para posibles procesos de selección.

A Lexitimación de Consentimento do/da interesado/a.

Destinatarios/as: Os datos de carácter persoal que facilite mediante a súa participación coa finalidade indicada anteriormente, poderán ser cedidos ás empresas do Grupo ALTIA, ademais doutras cesións previstas na lei. Pode exercer os seus dereitos segundo o incluído a continuación. Terase o dereito para acceder, rectificar e suprimir os datos así como outros dereitos, como se explica na información adicional.

A duración dos datos de carácter persoal. Os datos de carácter persoal proporcionados conservaranse durante o proceso de valoración do Premio do Traballo de Fin de Grao, así como para a participación en posibles procesos de selección no período inmediatamente posterior de dous anos. Finalizado o prazo sinalado os datos serán eliminados ou bloqueados, salvo obrigação legal en contrario.

Información adicional: Pode consultar a información adicional e detallada sobre Protección de Datos no apartado 7 do Aviso Legal incluído na nosa páxina web (<https://www.altiacompany.com/es/aviso-legal>).

Bases ALTIA Premia TFG GrEI ETSE

Convocatoria VII Edición: curso 2025/2026



ALTIA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA